

Resolución do 14 de decembro de 2022, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas provisionais para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes ás especialidades de Lingua estranxeira inglés, Lingua estranxeira francés, Educación física, Música, Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe do corpo de mestres.

Pola Resolución do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias (*Diario Oficial de Galicia* n.º 131, do 11 de xullo de 2017), que, no seu apartado segundo, establece a orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto.

Logo de rematadas as fases de oposición e de concurso dos procedementos selectivos de ingreso ao corpo de mestres da Comunidade Autónoma de Galicia, convocados pola Orde do 28 de xaneiro de 2022 (DOG, n.º 20, do 31 de xaneiro), procede actualizar as listas de interinidades e substitucións correspondentes ás especialidades de Lingua estranxeira inglés, Lingua estranxeira francés, Educación física, Música, Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe, nos termos que establece a base vixésimo sexta da citada convocatoria.

Con base no que establece o punto segundo do apartado segundo do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 e a base vixésimo quinta da citada Orde do 28 de xaneiro de 2022,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, www.edu.xunta.gal/substitutoslistas, as listas provisionais, para a cobertura de interinidades e substitucións no curso académico 2022-2023 correspondentes ás especialidades de Lingua estranxeira inglés (597032), Lingua estranxeira francés (597033), Educación física (597034), Música (597035), Pedagogía terapéutica (597036) e Audición e linguaxe (597037) do corpo de mestres, convocadas pola Orde do 28 de xaneiro de 2022, das persoas con dereito a incorporación ás correspondentes listas.

Xunto coas listas ordenadas das novas incorporacións publicaranse, para os meros efectos informativos, as listas completas por especialidade.

Segundo. Aprobar e facer públicas, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, www.edu.xunta.gal, as relacións provisionais de persoas excluídas das listas das especialidades de Lingua estranxeira inglés, Lingua estranxeira francés, Educación física, Música, Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe do corpo de mestres (Anexo I), polas causas que en cada caso se indica.

Terceiro. As persoas participantes nos procedementos selectivos convocados mediante a Orde do 28 de xaneiro de 2022 con dereito á incorporación na correspondente lista poderán formular alegacións ás listas provisionais ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), no prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Cuarto. Para o caso de que xurda a necesidade de cubrir interinidades ou substitucións con anterioridade á aprobación e publicación das listas definitivas, seguirase a orde de chamamentos establecida na lista provisional.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

